



Expediente IET: P-21-149
Proxecto: Parque eólico Gato
Concellos: Aranga e Oza-Cesuras (A Coruña)
Promotor: Greenalia Wind Power, S.L.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 01/03/2021 a Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto Parque eólico Gato.

1. Marco legal:

Consonante co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices da paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

2. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na construción do parque eólico Gato, de 25,2 MW, composto por 6 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabiás para a rede eléctrica e de comunicacións, subestación transformadora e edificio de control). As máquinas terán 4,2 MW de potencia nominal, unha altura de buxa de 112 metros e 136 metros de diámetro de rotor. A lonxitude dos camiños de nova execución é duns 2.575 metros e será necesario



acondicionar uns 2.912 metros de camiños existentes. A lonxitude total das gabias para o cableado é de 2.949 metros. O edificio de control consistirá nun edificio prefabricado de formigón de planta rectangular de dimensións 24,50 x 10 metros e 3,80 metros de altura máxima, con cerramentos de ladrillo revestido e pintado. A cuberta será inclinada a dúas augas de tella de cor vermello ou lousa. A subestación será compartida con outros seis parques eólicos (Felga, Penas Boas, Pena da Cabra, Monte do Cordal, Friol e Pena Ombra). Dende este punto evacuarase a enerxía cara a SET REE Mesón do Vento.

As infraestruturas do parque sitúanse dentro da área de desenvolvemento eólico do Plan sectorial eólico de Galicia denominada Monte do Gato.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como documento específico (anexo nº 3).

3. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase na grande área paisaxística Golfo Ártabro, na comarca paisaxística Golfo Ártabro Interior.

As áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) máis próximas ao proxecto son a AEIP-10-08 Fragas do Mandeo, a uns 5 km ao norte, e a AEIP-07-01 Fraga das Barbudas e Val do Cambás a unha distancia aproximada de 6,5 km ao leste. Respecto aos miradoiros, os máis próximos son o Mirador de Rodeiro, a uns 1,4 km ao oeste, o Mirador de Bandoxa, a uns 2,8 km ao suroeste, e o miradoiro de A Espenuca, situado a uns 6,7 km en dirección norte. Máis lonxe, aparecen o Miradoiro do Enxameado, a uns 9 km ao sur e o Miradoiro de Aranga, a uns 9,8 km ao leste. Cabe mencionar que no proceso de participación pública do Catálogo das paisaxes sinalouse como lugar de especial interese paisaxístico (LEIP) o Monte do Gato, cordal no se emprazan os aeroxeradores.

En relación a outros elementos do Catálogo, o Camiño de Santiago (Camiño Inglés) discorre en dirección norte-sur, a uns 10 km ao oeste do parque, e aproximadamente a uns 3 km ao norte aparece a ruta de sendeirismo PR-G 35 O Río dos Dous Nomes.

Os aeroxeradores dispóñense seguindo unha aliñación no cumio dun cordal montañoso de dirección noroeste – sueste que conforma o sector sur da serra nomeada como Monte do Gato. Trátase dunha contorna de relevo ondulado de montes e pequenas valgadas instaladas entre eles por onde discorren distintos regatos que alimentan os cursos fluviais ao pé do cordal. Nos montes predominan as superficies de matogueiras cunha importante presenza de afloramentos rochosos de granito destacando principalmente nas zonas altas, e plantacións forestais de piñeiros e eucaliptos que van sendo substituídas cara ás zonas de val por un mosaico de prados e cultivos dispostos ao redor dos núcleos rurais. As vías de comunicación de maior entidade no ámbito do proxecto son a autoestrada A-6, a estrada nacional N-VI, a autonómica AC-230 e as provinciais DP-0302 e DP-3203.

4. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP do proxecto consta dunha diagnose do estado actual da paisaxe no que se ten en conta o contido do Catálogo das paisaxes de Galicia, un estudo da calidade e a fragilidade visual do ámbito, descríbense as características básicas do proxecto, calcúlanse as cuncas visuais, identifícanse e valóranse os impactos (incluíndo infografías) e se describen as medidas preventivas e correctoras adoptadas para minimizalos.

Para a determinación dos impactos sobre a paisaxe, o EIIP inclúe gráficos e planos das cuncas visuais desde cada un dos aeroxeradores e un plano da cunca visual para o conxunto do parque que se ben pode considerarse adecuada a distancia de 15 km empregada para o cálculo, a lectura do plano





resulta dificultosa debido á gama de cor empregada. Ademais, calcúlase o grao de visibilidade en función da distancia e do número de aeroxeradores visibles, e se valora a incidencia ou afección visual sobre núcleos de poboación, vías de comunicación e elementos culturais e naturais, miradoiros e AEIP, plasmando o resultado nun plano específico (Plano nº. 9 Afección paisaxística). Con todo, conclúese que a afección visual do conxunto do parque será moderada. O estudo complétase con fotografías do ámbito e infografías nas que se amosa a visibilidade do parque desde as poboacións máis próximas e as vías de comunicación máis importantes. Respecto ás infografías cabe indicar que non resultan axeitadas para valorar o impacto visual dos aeroxeradores, sendo máis apropiado a utilización de fotografías reais tomadas en campo dende as localizacións mencionadas anteriormente.

Se ben o EIIP presentado inclúe en xeral os contidos esixibles de acordo co artigo 11.2 da Lei 7/2008, e cos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008, non inclúe a xustificación de como se incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxística nin as determinacións das directrices da paisaxe, tal e como se recolle nos artigos 11.2d da Lei 7/2008 e 27.d do Regulamento.

O proxecto provocará unha intrusión visual vinculada á presenza dos aeroxeradores no cumio dun cordal, o que lle confire unha elevada visibilidade debido á súa posición dominante no relevo. Respecto ás posibles afeccións aos elementos do Catálogo das paisaxes o parque non se sitúa dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico, nin afecta a rutas de interese paisaxístico. Non obstante, as infraestruturas localízanse na contorna dun espazo que foi sinalado como lugar de especial interese paisaxístico no proceso de participación pública do mencionado Catálogo. En relación aos miradoiros, as infraestruturas do parque serán potencialmente visibles dende os mencionados no punto anterior, se ben non son de esperar impactos significativos dada a distancia á que se sitúan e a presenza nas inmediacións destes lugares de plantacións arbóreas que xunto coa orografía do terreo, amortecen a visibilidade.

Tamén se producirán impactos visuais debido á distancia á que se sitúa o parque respecto aos núcleos de poboación, posto que existen asentamentos próximos ás infraestruturas, moitos deles a menos dun quilómetro como son os de Boqueixón, Atá, A Igrexa, Mende, O Castelo, O Painzal, O Fervenzendo, A Ribeira, Faxó, Vilariño ou O Valló. Ademais, os núcleos de Coirós e Oza dos Ríos, sitúanse aproximadamente a 6 km en dirección norte e oeste, respectivamente, e nun radio ao redor de 8 km atópanse as poboacións de Cesuras, Aranga, Curtis e Teixeiro (Directriz de paisaxe DX.20 c). Os aeroxeradores do parque serán visibles total ou parcialmente dende a autovía A-6, a estrada nacional N-VI e a autonómica AC-230, así como dende as poboacións próximas, provocando unha alta incidencia paisaxística dadas as dimensións que acadan as máquinas e a súa localización nas elevacións que conforman os fondos escénicos dos núcleos.

Os principais impactos visuais virán derivados da acumulación de proxectos eólicos que provocarán un efecto sinérxico na paisaxe diminuindo a calidade visual e estética das escenas agrarias características da contorna, posto que segundo a web do rexistro eólico de Galicia, actualmente existen 5 parques en tramitación nun radio de 5 km, sumando un importante número de aeroxeradores neste territorio. Os máis próximos serían o PE Felga, situado no mesmo cordal a uns 412 metros en dirección norte, e ao sur o PE Fontella localizado a uns 585 metros.

Tamén se poden producir afeccións derivadas da apertura e adecuación e camiños e das obras de cimentación das infraestruturas, aeroxeradores e subestación, provocando a aparición de terrapléns e desmontes que, ademais do impacto visual, van a afectar a elementos naturais da paisaxe como son



os afloramentos rochosos de granito, os cales constitúen formacións moi expostas, cun importante atractivo visual, ao localizarse nas abas e nos cumios destes montes (Directriz de paisaxe DX.17 a.4).

O proxecto expón unha serie de medidas de integración paisaxística centradas no deseño do parque (trazado dos camiños e localización dos aeroxeradores minimizando os movementos de terras), no emprazamento da subestación nunha zona chá con presenza de vexetación arbórea que mitiga a visibilidade, na posibilidade de levar a cabo plantacións arbóreas que actúen como pantallas visuais nas poboacións próximas ao parque, e nas medidas de recuperación e restauración dos terreos afectados polo proxecto.

5. Conclusión:

Os principais impactos sobre a paisaxe producíranse debido á incidencia visual acumulada pola sinerxía con outros parques eólicos que se están a tramitar nas proximidades, dous deles localizados a curta distancia seguindo a mesma aliñación sobre o cordal, e da proximidade dos aeroxeradores aos núcleos de poboación e ás vías de comunicación máis importantes que discorren polo ámbito do parque como son a autovía A-6 ou a estrada nacional N-VI. Ademais, a apertura de novos camiños e as escavacións necesarias para a instalación das infraestruturas, alterarán a topografía das ladeiras e afectarán aos afloramentos rochosos de granito presentes no Monte do Gato, espazo recollido no Catálogo das paisaxes de Galicia, como lugar de especial interese paisaxístico.

O proxecto incorpora un EIIP, cuxo contido axústase formalmente ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008. En todo caso, toda vez que as Directrices de paisaxe de Galicia entraron en vigor o 20 de febreiro de 2021, de acordo coa Disposición transitoria única do Decreto 238/2020, o proxecto deberá adaptar o seu contido ás determinacións das citadas Directrices. Así mesmo, o EIIP deberá completarse co contido ao que fai referencia o epígrafe 2.d) do artigo 11 da Lei 7/2008 e o artigo 27.d) do Regulamento da Lei 7/2008.

As medidas de integración paisaxística previstas poden considerarse, en xeral, adecuadas para reducir ou mitigar o impacto sobre a paisaxe, pero deben completarse coas que se indican a continuación:

- En relación coa directriz de paisaxe DX.20.f, deberánse aproveitar ao máximo os camiños xa existentes, co fin de minimizar a alteración da topografía e os movementos de terra. A este respecto, para evitar a apertura dun novo camiño coa creación de desmontes e terrapléns nas abas do cordal, que terán unha importante exposición visual, o acceso aos aeroxeradores AE-3 e AE-4 deberase adaptar ao trazado da pista xa aberta no territorio a carón da cal se van dispoñendo as demais máquinas, agás que se xustifique a inviabilidade desta solución.
- De acordo coa directriz de paisaxe DX.17.a.4, debe evitarse a afección aos afloramentos rochosos presentes no Monte do Gato, posto que se trata de elementos naturais singulares, compositivos das paisaxes, e que destacan nas abas e cumios do cordal engadindo riqueza ás escenas paisaxísticas.
- Respecto á subestación do parque eólico, dada a presenza de afloramentos rochosos no lugar de implantación, deberase evitar a afección aos mesmos. No que atinxe á tipoloxía e características estéticas do edificio de control, deberánse respectar as directrices de paisaxe DX.17 e DX.20.m. En relación á cuberta deberase optar polo acabado en tella de cor vermella posto que este material é o máis utilizado nas construcións rurais da contorna. Así mesmo, de ser necesario, no perímetro da infraestrutura disporase unha pantalla vexetal realizada con especies autóctonas de acordo coas directrices de paisaxe DX.20.i e DX.20.o.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 541 755/6
Fax: 981 541 757
secretaria.iet@xunta.gal
<http://mapas.xunta.gal>



INSTITUTO
DE ESTUDOS DO
TERRITORIO



En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas correctoras determinadas no EIIP deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe
José Luís Álvarez Vicente

O director do Departamento Técnico de Estudos
José Antonio Serantes Barbeito

Visto e conforme, o director do Instituto de Estudos do Territorio
Francisco Barea Paz

(Documento asinado electronicamente)

